

## **A VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE, A TRAVÉS DA ÁREA DE DEPORTES DA UDC, ABRE O PRAZO PARA SOLICITAR A PARTICIPACIÓN NAS COMPETICIONS UNIVERSITARIAS EXTERNAS 2025 (CGU: campionato galego universitario).**

### 1. SOLICITANTES

Poderán solicitar ser incluídas todas aquelas persoas que pertencen á comunidade universitaria no curso 2024-25 (estudantes, PTXAS, PDI ou PEC) e cumpran os requisitos que establece o Regulamento de participación en competición deportivas externas da Universidade da Coruña.

<https://www.udc.es/es/deportes/normativa/>

### 2. COMISIÓN DE VALORACIÓN

As solicitudes serán valoradas por unha comisión creada ao efecto. Esta valoración realizarase seguindo os criterios de selección para a participación en competicións deportivas universitarias externas que dependerán dos seguintes aspectos:

- A viabilidade económica (desprazamento, aloxamento, manutención, etc.).
- Posibilidades deportivas na competición correspondente.
- O informe favorable da persoa designada como seleccionadora ou polos correspondentes responsables técnicos.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía telemática, a través do formulario que aparece na seguinte ligazón (de non funcionar o enlace, copie o enderezo e pégueno nun navegador para acceder ao formulario):

<https://www.udc.es/es/deportes/competicions/>

### 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte á publicación deste anuncio ata **o día 09 de febreiro de 2025 ás 23:59 horas.**

## 5. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou "RXPDP"), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que vostede nos facilite a través do presente formulario, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, enderezo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a inscrición en calquera dos servizos prestados pola sección de Extensión Universitaria (Área de Cultura e Área de Deportes) e a xestión da súa participación neles. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Os seus datos poderán ser cedidos ou comunicados a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, en virtude de contrato ou convenio coa UDC, sexan designadas para prestar servizos propios das áreas indicadas na sección de Extensión Universitaria. Estas persoas externas á UDC só poderán recibir e utilizar os seus datos coas finalidades específicas para as que foron designadas, que é a prestación de tales servizos propios da Área de Cultura ou da Área de Deportes, e terán a condición de encargados de tratamento dos datos persoais.

Mediante a concurrencia nesta convocatoria, vostede consente expresamente no citado tratamento de datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Así mesmo, vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao enderezo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A simple manifestación do seu consentimento en relación con este tratamento dos seus datos persoais nas condicións descritas, é suficiente sempre que se superen os 14 anos de

idade. No caso de persoas de 14 anos ou menores desta idade, esta manifestación só será válida se ven ratificada por un correo electrónico ao enderezo: [seccion.extension.universitaria@udc.gal](mailto:seccion.extension.universitaria@udc.gal) enviado polos titulares da patria potestade ou tutela (ou só por un titular, se manifesta o consentimento de ambos), no que se manifieste a conformidade con este tratamento dos datos persoais, achegando copia do Libro de Familia ou documento acreditativo similar para acreditar a patria potestade ou tutela sobre a persoa menor de idade. A UDC, como responsable do tratamento, comprométese a utilizar este documento unicamente a efectos de facer esta comprobación, eliminando o documento unha vez efectuada.